

6. Conclusións xerais

I 6. CONCLUSIÓNS XERAIS

- O sector da xoiería en Galicia está atravesando por un período de crise de carácter estrutural, debido a unha serie de feitos que están orixinando a progresiva perda de competitividade tanto nos mercados nacionais como internacionais.
- A situación de recesión pola que atravesa o sector está motivada polos seguintes feitos impulsores:
 - Envellecemento progresivo dos operarios
 - Falta de recambio xeracional
 - Plans formativos afastados das necesidades do sector
 - Dificultade para encontrar persoal formado e cualificado
 - Escasa formación nos ámbitos comerciais, empresariais e novas tecnoloxías por parte dos empresarios
 - Falta de incorporación de innovacións e atraso xeneralizado nos procesos produtivos e comerciais
 - Escasa apertura internacional
 - Elevadas taxas de economía somerxida e de intrusismo
- A curto prazo, o primeiro paso para cambiar esta tendencia sería a transformación do plan formativo actual por un novo no que tivesen cabida as necesidades reais do tecido empresarial galego. Desta forma, o sector considera que a duración deste, así como o número de horas destinadas a traballo práctico, é totalmente inadecuado para a correcta formación dos futuros operarios de xoiería; así, propónse que o novo plan formativo teña unha duración de tres anos (o ideal serían catro), complementado con dous anos de prácticas en talleres e/ou centros produtivos
- Este novo plan formativo non estará totalmente finalizado se non se complementa con outras accións paralelas que doten os alumnos dunha maior cualificación; así, a

C O N C L U S I Ó N S

formación teórico-práctica debería ser ampliada cunha serie de bolsas de estudos, viaxes de estudo, etc. a outros países e zonas produtoras de relevancia, co obxectivo de incrementar a transferencia tecnolóxica e de coñecementos.

- Este novo plan formativo sería de aplicación tanto na xoiaría como na ourivería, pero, para garantir un maior éxito destes plans, é necesario situar os centros das escolas nas zonas con maior representatividade e tradición xoireira de Galicia; desta forma, lógrase unha maior e mellor incorporación de alumnos á vida laboral e empresarial.

- Neste sentido, a Escola de Artes Mestre Mateo (Santiago de Compostela) debería especializarse na formación de ourivería e especialidades afíns, mentres que a formación de xoieiros e especialidades de xoiaría se debería realizar nun centro de estudos específico, considerándose a zona da Coruña-Bergondo como o sitio ideal para a súa localización.

- Adicionalmente, o atraso no que se encontra o sector na actualidade debe ser compensado con plans de formación continua dirixidos ao persoal ocupado no tecido empresarial galego; desta forma, detectáronse graves carencias en aspectos como:

- Xestión empresarial
- Informática e novas tecnoloxías da información e as comunicacións
- Innovación
- Específicos de xoiaría (xemoloxía, escaparatismo, relojería, etc.)

- Noutro tipo de aspectos, o sector considera prioritaria a creación dun colexio de xoiaría, como xa está ocorrendo noutras comunidades autónomas (Cataluña). Nesta liña, a creación do colexio suporía un impulso á normalización

empresarial e laboral, xa que desta forma o sector tería un órgano de capacidade suficiente para a negociación dun convenio colectivo propio, e desta forma poder adaptar os sistemas de contratación e definición das categorías profesionais á realidade do sector, situación que non se produce na actualidade ao estar englobados no convenio de metais.

- Así mesmo, o colexio suporía unha plataforma de impulso á hora de cambiar as prácticas de mercado no ámbito da distribución, xa que na actualidade a rixidez do sistema de comercialización impídelles a un gran número de empresas a consecución dun maior beneficio e rendibilidade empresarial.
- Para favorecer a adaptación e incorporación de innovacións nas empresas galegas, considérase necesaria a creación de liñas de axudas para a adquisición e formación de operarios na innovación.
- Por último, cos obxectivos de formación continua, incorporación de alumnos á vida empresarial e adaptación e adquisición de innovacións, o sector presenta a medio-longo prazo a creación dun centro tecnolóxico-viveiro de empresas no que se fomente un intercambio de coñecementos e a transferencia de tecnoloxía entre as empresas presentes nel, así como co resto de empresas do sector. Estas accións de tipo empresarial xa se están emprendendo noutras zonas competidoras como Córdoba, Valencia, Italia ou Portugal.